



## AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

**DATA DE ENVIO: 06/07/2018**

**TIPOLOXÍA: TORMENTAS**

**NIVEL DE ALERTA: AMARELO**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 231/71GAL emitido ás 11.09h, dun fenómeno meteorolóxico adverso por **TORMENTAS para a provincia de Lugo (Montaña, Sur), Ourense e Pontevedra (Interior)** que se iniciará ao mediodía do día 7 de xullo e que se prevé que finalice na noite do mesmo día.

Dado o carácter destes fenómenos poderán ir acompañadas de sarabia así como de choivas e ventos localmente fortes, tamén existe a posibilidade de tormentas de intensidade superior de forma puntual.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN A EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)